



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura: A literatura galega nos seus textos

Materia	Literatura: A literatura galega nos seus textos			
Código	V01G430V01122			
Titulación	Grao en Filoloxía Aplicada Galega e Española			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Navaza Blanco, Gonzalo			
Profesorado	Navaza Blanco, Gonzalo			
Correo-e	gnavaza@uvigo.es			
Web	http://https://moovi.uvigo.gal/			
Descrición	Visión panorámica dos períodos e obras fundamentais da literatura gallega xeral			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que o estudantado demostre posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que o estudantado saiba aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que o estudantado teña a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que o estudantado poida transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantado desenvolva aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Capacitación do estudantado para que adquira coñecementos lingüísticos e literarios.
B2	Adquisición dos fundamentos metodolóxicos e críticos que permitan acceder ao estudantado ao exercicio da actividade profesional cunha formación versátil e interdisciplinar.
B3	Capacidade no manexo das novas tecnoloxías da información e da comunicación aplicadas ao campo dos estudos lingüísticos e literarios.
B7	Coñecer os métodos básicos do estudo e análise lingüísticos e literarios.
B8	Capacidade para participar en debates e actividades de grupo e organizalos, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico.
C2	Capacidade para aplicar os métodos de crítica textual á edición dixital de textos literarios para a produción de textos críticos adecuados ao público ao que van dirixidos.
C4	Coñecemento da periodización e sistematización dos movementos literarios e capacidade para distinguir e clasificar as obras dentro deses períodos e movementos.
C5	Comprensión e coñecemento dos conceptos e métodos da análise literaria e da teoría e crítica literaria para ter unha visión fundamentada e crítica da creación literaria.
C14	Capacidade para analizar, sintetizar e interpretar un texto en calquera formato con independencia da súa natureza lingüística ou literaria.
D1	Capacidade para comprender o significado e aplicación da perspectiva de xénero nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional co obxectivo de alcanzar unha sociedade máis xusta e igualitaria.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer os aspectos temáticos, retóricos e estilísticos máis relevantes das diversas modalidades literarias ao longo dos distintos períodos.	A1 A2 A3	B1 B2 B7 B8	C4 C5	D1
Comprender a historia das ideas estéticas que subxace na evolución das tradicións literarias.	A1 A3	B1 B2 B8	C4 C5	D1
Valorar a construción do sistema literario galego como produto da historia de Galicia e da súa singularidade cultural.	A1 A5	B7	C14	D1
Coñecer os procesos históricos, sociais, políticos e culturais que propician no século XIX a configuración do sistema literario galego contemporáneo, para poder analizar e avaliar as principais producións literarias de cada etapa.	A2 A3 A5	B1 B2 B3 B7 B8	C4	D1
Identificar a problemática da evolución da literatura e a lingua galegas desde a época medieval á contemporánea e saber vincular con ela a produción literaria de cada época.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B7	C4 C5	D1
Coñecer e saber utilizar a bibliografía específica fundamental e as novas plataformas de edición e análise de textos en liña.	A3 A4 A5	B3	C2 C14	D1

Contidos

Tema	
Cronoloxía da literatura galega	Períodos da literatura galega Características literarias en cada un deles
Recursos dixitais	Recursos dixitais para coñecer e exercitar a literatura en galego Edición dixital de textos
Selección e estudo de textos medievais significativos	Introdución xeral ás características das distintas modalidades xenéricas Fontes e tradición manuscrita
Selección e estudo de obras significativas dos Séculos Escuros e do século XIX	Os Séculos Escuros Literatura galega do século XIX Rosalía de Castro, Pondal, Curros
Selección e estudo de obras e autores significativos do período NÓS	A poesía do período: de Cabanillas ás Vangardas A prosa e o teatro. Risco, Otero Pedrayo, Castelao
Selección de autores e estudo de obras significativas desde 1936	Eduardo Blanco Amor Álvaro Cunqueiro Celso Emilio Ferreiro
Aplicacións prácticas	(re)creación de fragmentos literarios a través de musicación, videocreación, fotomontaxe, recitado, dramatización...
LECTURAS	1. Arias Freixedo, X.B. (2003): Antoloxía... 2. Selección de textos de Papés de Empreতা... 3. Rosalía: Follas Novas 4. Pondal: Queixumes dos pinos 5. Curros: Aires da miña terra 6. Cabanillas: Selección de textos 7. Manuel Antonio: Selección de textos 8. Castelao: Retrincos 9. Otero Pedrayo: Selección de contos 10. Cunqueiro: Crónicas do Sochantre 11. Blanco Amor: Xente ao lonxe 12. Celso Emilio Ferreiro: Longa noite de pedra

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	30	50
Resolución de problemas	6	12	18
Traballo tutelado	14	16	30
Foros de discusión	4	8	12
Debate	4	0	4
Resolución de problemas e/ou exercicios	2	10	12
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	22	24

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Lección maxistral	Presentación e explicación das características xerais das diferentes épocas, contextos, xéneros e autores e autoras do programa. O alumnado semipresencial recibirá a través da plataforma MOOVI ou do correo electrónico a información necesaria para preparar os temas e cuestións desenvolvidas nestas sesións.
Resolución de problemas	Lectura e posta en común da análise crítica de textos representativos O alumnado semipresencial resolverá os exercicios na plataforma virtual MOOVI e nas sesións de tutoría presencial que se celebrarán ao longo do cuadrimestre
Traballo tutelado	Análise crítica dun texto literario ou breve traballo monográfico sobre un tema proposto.
Foros de discusión	Debate sobre aspectos internos e externos relativos aos textos lidos na aula ou expostos na plataforma
Debate	Posta en común de traballos individuais e discusión

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Cuestións suscitadas na aula
Traballo tutelado	A atención será sempre personalizada
Debate	Discusión acerca dos traballos individuais
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Atenderanse de maneira individualizada as diversas cuestións formuladas polo alumnado relativas ao traballo tutelado e aos textos obxecto de debate ou de análise crítica

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Análise crítica dun texto literario ou breve traballo monográfico sobre un tema proposto.	30	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B7 B8	C2 C4 C5 C14	D1
Resolución de problemas e/ou exercicios	Lectura, comentario e debate de textos literarios. Comentarios guiados. Exposicións. Eventuais probas breves ao finalizar un tema (non exclúen materia para o exame final).	30	A3 A4 A5	B1 B8	C2 C5	D1
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame clásico onde o alumnado debe expoñer razoadamente as respostas a varias preguntas sobre a materia do curso e as obras literarias estudadas	40	A1 A5	B7 B8	C2 C4 C5 C14	D1

Outros comentarios sobre a Avaliación

O alumnado debe elixir, de forma obrigatoria, nas dúas primeiras semanas do cuadrimestre, entre dúas opcións: un sistema de avaliación continua (cf. descrición en "avaliación") ou un sistema de avaliación única.
É recomendable elixir o primeiro sistema, avaliación continua, xa que se trata do ensino de literatura a partir dos textos e é conveniente asistir con regularidade ás clases. Quen non teña a posibilidade de asistir ás clases e ás actividades da materia coa frecuencia necesaria debe comunicarllo ao profesor.

Para os alumnos que opten pola avaliación continua, non realizar as probas ou exercicios parciais previstos supón un suspenso cunha nota de 0 (cero) nesa parte.

Primeira edición das actas. A data do último exame de avaliación continua coincidirá coa data do exame "avaliación única" indicada no calendario oficial da FFT.

A avaliación única consiste nun exame escrito, realizado en data indicada no calendario oficial da FFT e a entrega dun traballo equivalente ao "traballo tutelado" da avaliación continua, que lle será proposto ao alumno con anterioridade suficiente á data de celebración do exame escrito, que é cando debe ser entregado.

Os textos con que se traballe na aula e os temas para os traballos, tanto para a avaliación continua coma para a avaliación única, estarán expostos na plataforma MOOVI.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Bernárdez, C. et alii, **Literatura galega século XX**, ISBN 978-8495350336, 1, A Nosa Terra, 2001

Carballo Calero, Ricardo, **Historia da literatura galega contemporánea**, ISBN 84-7154-227-7, 2, Galaxia, 1975

Méndez Ferrín, Xosé Luís, **De Pondal a Novoneyra**, ISBN 978-8475074603, Xerais, 1964

Tarrío Varela (Coord), **Literatura, tomo XXXIII □ A Literatura desde 1936 ata hoxe: Poesía e Teatro**, ISBN 978-84-89468-75-7, 1, Hércules, 1997

Tarrío Varela (Coord), **Literatura, tomo XXXIV □ A Literatura desde 1936 ata hoxe: Narrativa e Traducción**, ISBN 978-84-89468-77-1, 1, Hércules, 1997-

VV.AA., **Papés d'emprenta condenada: A escrita galega entre 1797 e 1846: I**, ISBN 978-8496530706, 1, Consello da cultura galega, 2008

VV.AA., **Papés d'emprenta condenada: A escrita galega entre 1797 e 1846: I**, ISBN 978-84-92923-29-8, 1, Consello da Cultura Galega, 2012

Arias Freixedo, Xosé Bieito, **Antoloxía da lírica galego-portuguesa**, ISBN 978-8497820622, 1, Xerais, 2003

Álvarez, Rosario / González Soeane, E., **Gondomar, corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna**, <http://ilg.usc.es/gondomar/es/index.php?>, Instituto da Lingua Galega,

Recomendacións

Outros comentarios

A materia non é recomendable para o alumnado que non posúa boa competencia, polo menos pasiva, en lingua galega.